

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 1
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:			Nacionalidade:		
Data de nacemento:	___ / ___ / _____		Sexo:	Home <input type="checkbox"/>	Muller <input type="checkbox"/>
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga



1




Proba A1

Vostede recibiu a seguinte mensaxe no seu contestador automático. Despois de escoitala respóndalle a Laura cunha **mensaxe electrónica**. Neste texto, de **150 palabras**, vostede ten que:

- Confirmarlle que a recollen en coche.
- Aceptar o ofrecemento do bolso vermello e describir que roupa vai levar vostede á voda.
- Propoñerlle unha data, unha hora e un lugar para tomar un café e para recoller o bolso.
- Despedirse.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Empty rectangular area for writing the A1 test response.

Proba A2

Vostede é un actor/unha actriz que traballou na compañía Moniteatro (da que ten información no texto II). Ve este anuncio da compañía novaScena (texto I) e decide escribirlles. Nunha **mensaxe electrónica**, en **150 palabras**, vostede ten que:

- Presentarse e dicir cal é o seu interese no anuncio.
- Comentarlles a súa experiencia no teatro e describirlles a compañía en que traballou.
- Explicarlles por que se axusta vostede ao perfil buscado.
- Facerlles algunha pregunta sobre a oferta.

TEXTO I

Compañía de teatro afeccionado

novaScena



Es actor/actriz de entre 20-50 anos?
Quéreste incorporar a unha compañía de teatro?

Se tes:

- algunha experiencia en montaxes previas...
- dispoñibilidade para ensaiar e viaxar...
- capacidade para traballar en equipo...
 - vontade de compromiso...

Ponte en contacto con: novascena@gmail.com

TEXTO II

A COMPAÑÍA MONITEATRO

Somos unha compañía de teatro afeccionado fundada por Laura Fandiño e Marcial Gándara en 2007. O noso principal obxectivo é crear propostas orixinais e actuais con rigor e compromiso.

Os membros de Moniteatro facemos teatro coa finalidade de crear un proxecto artístico novo dentro da industria cultural galega. Traballamos dende novas e contemporáneas perspectivas tendo en conta os clásicos.


Despois de cinco traballos estreados nos últimos anos, estamos a construír unha compañía con ganas de investigar e aprender en cada proceso. Nas nosas representacións hai todo tipo de personaxes e textos, pero sempre partindo dende unha visión actual e contemporánea.

O emprego das novas tecnoloxías e o carácter participativo das nosas montaxes é parte do noso interese por facer un teatro para o público de hoxe.

En Moniteatro recibimos premios dentro e fóra de Galicia e os nosos espectáculos participaron en actuacións en varios lugares no eido nacional e internacional.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the A2 exam.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

Empty rectangular box for writing the A2 test response.